



Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm.: RES/AYT/22783/2025 10/12/2025

Área / Unidad APOYO ADMINISTRATIVO IG1100 ILB.	Documento 23719I01RA	
Código de verificación  582H 4J1V 5C3W 3960 10XB	Expediente 237/2025/3	
	Fecha 05-12-2025	

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL EN MATERIA DE IGUALDADE E DIVERSIDADE DO EXCMO. CONCELLO DA CORUÑA PARA O EXERCICIO 2025

RESOLUCIÓN

Con data 25/11/2025, a xefa de servizo de Servizos Sociais emite o seguinte informe proposta de resolución definitiva da CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL EN MATERIA DE IGUALDADE E DIVERSIDADE DO EXCMO. CONCELLO DA CORUÑA PARA O EXERCICIO 2025 (BOP núm. 104, do 3/06/2025):

" Con data 3 de xuño de 2025, publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP Nº 104) a convocatoria de subvencións do Excmo. Concello da Coruña para entidades sociais sen ánimo de lucro destinadas a actividades ou proxectos de interese social en materia de igualdade e diversidade no termo municipal de A Coruña.

Abriuse o prazo de presentación de solicitudes dun mes contado a partir do día seguinte ao de a publicación de extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP Nº 104), desde o 4 de xuño de 2025 ata o 3 de xullo de 2025.

En datas 30 e 31 de outubro de 2025 reuniuse a mesa de valoración, nomeada mediante resolución da Concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade, segundo contéplase na base 13ª da Convocatoria, realizar a valoración das solicitudes presentadas.

*O órgano instrutor, con data 3/11/2025, emitiu informe, de conformidade coa proposta formulada por la Mesa de Valoración no que se formula a proposta provisional corrixida de concesión de subvencións correspondentes á convocatoria do exercicio de 2025 a entidades sociais sen ánimo de lucro destinadas a actividades ou proxectos de interese social en materia de igualdade e diversidade por importe total de **CENTO CORENTA E OITO MIL NOVECENTOS TRINTA E CINCO euros e CORENTA E OITO céntimos (148.935,48 euros)** ás entidades solicitantes e polos importes que se relacionan a continuación, con indicación dos importes concedidos:*

LIÑA 1: FORTALECEMENTO E EMPODERAMENTO DO MOVEMENTO ASOCIATIVO

Entidade	CIF	Importe solicitado (€)	Importe concedido (€)
ASOCIACION DE BUSQUEDA Y SALVAMENTO DE GALICIA	G70420021	3.633,78	1.397,88 €
FUNDACION TUTELAR ASPRONAGA	G15578792	8.000,00	1.014,97 €



Concello da Coruña

<i>Entidade</i>	<i>CIF</i>	<i>Importe solicitado (€)</i>	<i>Importe concedido (€)</i>
ASOCIACION GALLEGA FIBROSIS QUISTICA	G15088396	3.350,65	2.029,94 €
ARTEFIOS ASOC INCLUSION PERSONAS DISCAP INTELLECTUAL	G15226202	5.200,00	867,33 €
FADEMGAL PLENA INCLUSION GALICIA	G36620037	3.300,00	2.219,09 €
ASOC DE AMAS DE CASA CONSUMIDORES Y USUARIOS	G15049034	8.777,88	4.059,88 €
LIGA REUMATOLÓXICA GALEGA	G15552987	8.000,00	3.575,45 €
ASOCIACION GALEGA DE LUPUS	G15614084	10.869,25	4.267,48 €
FEDERACION GALEGA DE ENFERMEDADES RARAS E CRONICAS (FEGEREC)	G70218128	7.403,24	2.998,77 €
ASOCIACION POTEN100MOS	G70480900	5.039,34	3.838,42 €
ASOCIACION CULTURAL TRES POR CUATRO	G70239595	5.190,00	931,92 €
GRUMICO GRUPO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA CORUÑA	G15038797	16.595,29	2.583,56 €
ASOC CORUÑESA DE ESCLEROSIS MULTIPLE	G15510266	23.219,40	3.598,53 €
FUNDACION INGADA	G70394374	4.250,00	2.952,64 €
ASOCIACION PARA EL EMPODERAMIENTO DE PERSONAS VULNERABLES Y/O EN RIESGO DE EXCLUSION SOCIAL (APERES)	G70573514	3.500,00	1.993,02 €
ASOCIACIÓN MULLERES PROFESIONAIS, EMPREENDEDORAS E EMPRESARIA	G19743442	2.025,00	2.025,00
ASOCIACION POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DE A CORUÑA	G70249461	8.000,00	3.819,97 €
ASOCIACIÓN POLA IGUALDADE E A COEDUCACIÓN (APICO)	G94088549	3.750,00	1.430,18 €
FUNDACIÓN ECCA SOCIAL	G72405277	8.916,47	2.768,10 €
YARAMA AFRICA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	F70576467	4.522,16	2.920,33 €
ASOCIACION PROXECTO MASCARAS	G70401518	6.085,99	2.878,82 €
SOLIDARIDADE INTERNACIONAL DE GALICIA	G36833648	5.235,36	4.267,48 €
ASOC COMITE CIUDADANO ANTI-SIDA DE CORUÑA	G15279219	8.000,00	1.559,35 €



Concello da Coruña

Entidade	CIF	Importe solicitado (€)	Importe concedido (€)
			59.998,11

LIÑA 2: ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DE VIOLENCIAS MACHISTAS EN SENTIDO AMPLO E ATENCIÓN AS VÍTIMAS, ACCIÓNS POLA DEFENSA DO RECOÑECEMENTO E OS DEREITOS DAS PERSOAS LGTBQI E ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE XÉNERO

Entidade	CIF	Importe solicitado (€)	Importe concedido (€)
<u>LIÑA 2.1</u>			
FUNDACION ERGUETE INTEGRACION	G36861078	2.862,77	2.862,77
ASOCIACION DE BULIMIA Y ANOREXIA DE A CORUÑA	G15582695	5.819,20	3.540,63
ASOCIACION GALLEGA DE HEMOFILIA	G15220577	1.087,00	1.087,00
FUNDACION AMIGO	G81454969	8.000,00	5.243,72
ASOC DE VECINOS OZA DE LA GAITEIRA LOS CASTROS	G15037708	6.364,80	4.123,27
ASOC ONG VIRAVENTOS (CONTA +. Proxecto de educomunicación para a mocidade cunha perspectiva de xénero)	G70136429	5.000,00	5.000,00
ASOC ONG VIRAVENTOS (Falamos? Programa de empoderamento de mozas migrantes como axentes de cambio social)	G70136429	6.753,87	6.753,87
TERCIARIOS CAPUCHIÑOS PROV LUIS AMIGO - CIUDAD DE LOS MUCHAC	R1500230F	8.000,00	4.705,90
ASOCIACIÓN DE MULLERES LIBRES E COMBATIVAS DE GALIZA	G56460827	2.975,00	2.975,00
FUNDACIÓN ECCA SOCIAL	G72405277	1.414,65	1.414,65
ASOCIACION AGALURE	G15462633	2.543,60	2.543,60
ASOCIACIÓN MULLERES PROFESIONAIS, EMPREENDEDORAS E EMPRESARIA	G19743442	5.067,00	5.067,00



Concello da Coruña

Entidade	CIF	Importe solicitado (€)	Importe concedido (€)
ASOC ECOS DO SUR (A Portela LAB)	G15354483	8.000,00	6.140,08
YARAMA AFRICA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA (Fatou)	F70576467	7.492,96	4.481,81
YARAMA AFRICA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA (Tecendo Igualdade)	F70576467	7.988,45	4.817,95
LIÑA 2.2			
ASOC ECOS DO SUR (Voces con orgullo)	G15354483	8.000,00 €	5.422,99
ASOCIACION POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DE A CORUÑA	G70249461	8.000,00 €	4.123,27
ASOCIACION POTEN100MOS	G70480900	6.186,69 €	6.186,69
ASOCIACION GALEGA DE ASPERGER	G70043435	3.125,00 €	3.125,00
ASOCIACIÓN AKAFEM	G19755552	7.029,00 €	5.288,54
ASOC COMITE CIUDADANO ANTI-SIDA DE CORUÑA	G15279219	8.000,00 €	4.033,63
			88.937,37

No mesmo informe proposta provisional, fixéronse a seguintes propostas:

- a) Excluir, segundo expresan a acta da Mesa da Avaliación de data 30 de outubro de 2025 ás seguintes entidades e/ou proxectos:
- Por non ter, segundo os seus estatutos, entre os seus obxectivos e finalidades a promoción efectiva da igualdade e a inclusión social das diversidades existentes e a prevención das violencias machistas:

ENTIDADE	CIF	LIÑA	ACTIVIDADE
ACCIÓN SOLIDARIA DE GALICIA ONG	G27727593	2.1	Mentoras pola Igualdade: Rede Interxeracional de Mulleres

- Non acadar a calidade técnica do proxecto ou actividade presentada a puntuación mínima establecida na base 13.1.3 B):

ENTIDADE	CIF	LIÑA	ACTIVIDADE
----------	-----	------	------------



Concello da Coruña

ASOCIACION POR QUE NO AYUDAR	G70529870	2.1	CICLO XQN VENRES VIOLETAS
------------------------------	-----------	-----	---------------------------

b) Segundo expresan as actas da Mesa da Avaliación de datas 30 e 31 de outubro de 2025, aceptar as seguintes solicitudes de desestimento formulados polas seguintes entidades:

- ASOCIACION PROXECTO MASCARAS (G70401518) da súa solicitude correspondente a liña 2.1 PROXECTO: CEP (curtametraxe documental). Presentado o desestimento con data 28/10/2025.
- ASOCIACION ECOS DO SUR (G15354483) da súa solicitude correspondete a liña 1: Fortalecemento do movemento asociativo no ámbito da acción polos dereitos das mulleres e a non discriminación de colectivos minorizados por cuestión de orixe; diversidade cultural ou étnica; diversidade de capacidades; diversidade de expresións de xénero, identidades ou orientacións sexuais, etc. Presentado o desestimento con data 31/10/2025

c) Instar ás seguintes entidades a que REFORMULEN as súas solicitudes correspondentes á LIÑA 2, segundo o establecido na Base 14.2 da convocatoria específica de subvencións en relación co artigo 27 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, debendo as entidades CUMPRIMENTAR O ANEXO 5.2 da convocatoria específica e emitir un informe no que xustifiquen como afecta ao proxecto presentado inicialmente , a diminución do orzamento, indicando en que variarán as actividades do proxecto inicial, para adecuarse á redución do orzamento

O prazo para dita reformulación foi de 5 días hábiles, a contar desde a data de finalización do prazo de presentación de alegacións.

ENTIDADE	ACTIVIDADE	IMPORTE CONCEDIDO (€)
LIÑA 2.1		
ASOCIACION DE BULIMIA Y ANOREXIA DE A CORUÑA	Estratexias de autodefensa para o coidado persoal. Poñendo límites, transformando espazos	3.540,63
FUNDACION AMIGO	Acompañando	5.243,72
ASOC DE VECINOS OZA DE LA GAITEIRA LOS CASTROS	Mulleres na rúa	4.123,27
TERCIARIOS CAPUCHIÑOS PROV LUIS AMIGO - CIUDAD DE LOS MUCHAC	Promoviendo la igualdad en el proyecto Andaina	4.705,90
ASOC ECOS DO SUR	A Portela LAB	6.140,08
YARAMA AFRICA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	Fatou	4.481,81



Concello da Coruña

ENTIDADE	ACTIVIDADE	IMPORTE CONCEDIDO (€)
YARAMA AFRICA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	Tecendo Igualdade	4.817,95
LIÑA 2.2		
ASOC ECOS DO SUR	Voces con orgullo	5.422,99
ASOCIACION POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DE A CORUÑA	DinamizALAS	4.123,27
ASOCIACIÓN AKAFEM	Ciclo de faladoiros: Entre afectos e resistencias: feminismos, diversidade e alianzas transgresoras	5.288,54
ASOC COMITE CIUDADANO ANTI-SIDA DE CORUÑA	SexPoint	4.033,63

No punto sexto do informe proposta de resolución provisional, dispónse, dacordo coa Base 14.1, notificar ás interesadas o informe proposta de resolución provisional mediante anuncio público, concedendo, a tal efecto, ás solicitantes un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións que empezará a contar desde o seguinte á publicación de esta proposta provisional nos medios sinalados nas bases da convocatoria.

Por outro lado, no punto cuarto establece o prazo para a reformulación: un prazo de 5 días hábiles a contar desde a finalización do prazo de alegacións, establecido en el parrafo anterior.

Pasase a continuación a relacionar e posteriormente examinar tanto as alegacións presentadas dentro de prazo como as propostas de reformulación.

Neste sentido, en relación co prazo de alegacións, presentaron alegacións as seguintes entidades:

- Na liña 1 presentan alegacións as seguintes entidades:
 - ASOCIACION PROXECTO MASCARAS (G70401518). Código de asento: RMPE191TIZ, de data 06/11/2025.
 - ASOCIACION POTEN100MOS (G70480900). Código de asento: RMPE191U3A, de data 10/11/2025.
 - ASOC SINDROME DE DOWN DE LA CORUÑA (G15731466). Código de asento: RMPE191VDA, de data 14/11/2025.
- Na liña 2 presenta alegacións a seguinte entidade:
 - ACCIÓN SOLIDARIA DE GALICIA ONG (G2772759). Código de asento: RMPE191TEZ, de data 06/11/2025.

Por outro lado, dentro do prazo de reformulación, presentaron solicitudes de reformulación as seguintes entidades:

ENTIDADE	CIF	ACTIVIDADE	DÉFICIT INICIAL (€)	DÉFICIT FINAL (€)
LIÑA 2.1				



Concello da Coruña

ASOCIACION DE BULIMIA Y ANOREXIA DE A CORUÑA	G15582695	Estratexias de autodefensa para o coidado persoal. Poñendo límites, transformando espazos	5.819,20	3.540,63
FUNDACION AMIGO	G81454969	Acompañando	8.000,00	5.243,72
ASOC DE VECINOS OZA DE LA GAITERA LOS CASTROS	G15037708	Mulleres na rúa	6.364,80	4.123,27
TERCIARIOS CAPUCHIÑOS PROV LUIS AMIGO - CIUDAD DE LOS MUCHAC	R1500230F	Promoviendo la igualdad en el proyecto Andaina	8.000,00	4.705,90
ASOC ECOS DO SUR	G15354483	A Portela LAB	8.000,00	6.140,08
YARAMA AFRICA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	F70576467	Fatou	7.492,96	4.481,81
YARAMA AFRICA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	F70576467	Tecendo Igualdade	7.988,45	4.817,95

ENTIDADE	CIF	ACTIVIDADE	DÉFICIT INICIAL (€)	DÉFICIT FINAL (€)
LIÑA 2.2				
ASOC ECOS DO SUR	G15354483	Voces con orgullo	8.000,30 €	5.422,99
ASOCIACION POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DE A CORUÑA	G70249461	DinamizALAS	8.000,00 €	4.123,27
ASOCIACIÓN AKAFEM	G19755552	Ciclo de faladoiros: Entre afectos e resistencias: feminismos, diversidade e alianzas transgresoras	7.029,00 €	5.288,54
ASOC COMITE CIUDADANO ANTI-SIDA DE CORUÑA	G15279219	SexPoint	8.000,00 €	4.033,63

Con data 25/11/2025, a Mesa de Valoración reúne para os efectos de estudar e valorar tanto as alegacións presentadas como as solicitudes de reformulación indicadas no parágrafo anterior.

LIÑA 1

- ASOCIACION PROXECTO MASCARAS (G70401518): Esta entidade, na proposta provisional, foi proposta para a concesión dunha subvención por importe de 2.878,82 €.

A entidade presenta alegacións en data 6 de novembro. En ditas alegacións, indican que segundo a súa solicitude inicial, o importe solicitado foi de 4.775 €, e a proposta de concesión de subvención parte dunha cantidade diferente: 6.085,99 €.

A discrepancia alegada pola entidade ten a seguinte fundamentación: posteriormente a presentación das solicitudes, e en consecuencia, á petición da contía inicial (4.775,00 €), remitiuse a todas as entidades solicitantes da liña 1 e, entre elas, a entidade alegante, unha



Concello da Coruña

comunicación xenérica indicando que os orzamentos da liña de funcionamento tiñan que incluír todos os GASTOS E INGRESOS DE FUNCIONAMENTO DA ENTIDADE.

Como contestación a esta comunicación a entidade presentou un novo orzamento no que inclúe todos os gastos e ingresos de funcionamento da entidade (ingresos 20.767,62€/gastos 26.853,61€). A diferenza entre estes dous conceptos (INGRESOS E GASTOS) é o déficit de actividade, por importe de 6.085,99 €. O primeiro documento de orzamento presentado queda modificado e sen valor polo novo orzamento presentado o 29/10/2025. Este é o documento que se toma como referencia para calcular o déficit da entidade.

Como consecuencia dos novos importes contidos no documento presentado o 29/10/2025, o déficit de actividade da entidade é de 6.085,99 €.

Polo tanto, a contía solicitada neste novo orzamento ten que ser este importe. Non pode tomarse como referencia o importe indicado na solicitude inicial (4.775 €), xa que de ser así o orzamento presentado o 29/10/2025 sería incorrecto en canto que nel non constarían a totalidade dos ingresos que xustificarian esta cantidade e permitirían facer fronte aos gastos indicados.

A entidade alega que tamén o seguinlle "É máis, esta Administración parece estar incluíndo outro tipos de gastos pertencentes a actividades concretas que ten rexeitado en convocatorias anteriores por non pode ser considerados gasto de funcionamento, mantemento ou administración xeral que non sexan susceptibles de imputación a unha actividade concreta e non á actividade xeral da asociación "non imputable a un proxecto concreto".

O criterio que se ten en conta para esta convocatoria, e explicado telefonicamente, as entidades que así o solicitaron, e que nos gastos de funcionamento da entidade a efectos de presentar o orzamento inicial, son todos os gastos da entidade, incluíndo os gastos de proxectos concretos así como os seus ingresos. A entidade cando indica que non se lle admitiron en convocatoria anteriores como subvencionables gastos que eran de proxectos concretos, esta a falar da xustificación non do orzamento inicial.

Alega tamén a entidade que a base 5.2 da convocatoria indica que "5.2. O importe máximo do orzamento susceptible de ser subvencionado será o 90% do total do mesmo. En consecuencia, o coeficiente de financiación propio será como mínimo do 10%." e que algunhas entidades proponse na proposta provisional que se lles conceda o 100% da cantidade solicitada,

Neste sentido, debe aclararse que a base 5.2 indica que como máximo pode ser subvencionado o 90% do orzamento, non da cantidade solicitada, e o que se lle concede e o 100% do solicitada, sendo os seus orzamentos por importes superiores e, polo tanto, cumpríndose a obriga de que as entidades aporte como mínimo o 10% do orzamento.

Por todo o descrito anteriormente a mesa de valoración propón desestimar as alegacións presentadas.

- ASOCIACIÓN POTEN100MOS (G70480900): a entidade presenta unha corrección material de erro, nun importe no orzamento de gastos, que non afecta a cantidade total do orzamento, co cal a mesa de valoración propón ter en conta a rectificación do erro material.
- ASOC SINDROME DE DOWN DE LA CORUÑA (G15731466): a entidade presenta alegacións en data 14/11/2025 indicando que a entidade non figura na resolución provisional nin como entidade beneficiaria nin excluída.



Concello da Coruña

Revisado o expediente, constatase que a entidade presentou erroneamente a súa solicitude no procedemento de concesión de subvencións do Servizo de Servizos Sociais; detectado o erro, o servizo de Igualdade e Diversidade procedeu a incluílas na convocatoria de Igualdade e Diversidade a fin de non prexudicar a entidade. Como a súa solicitude era de liña 1, envióselles unha comunicación relativa aos orzamentos que se enviou a todas as entidades que optaban a esta liña, indicando que os orzamentos da liña de funcionamento tiñan que incluír todos os GASTOS E INGRESOS DE FUNCIONAMENTO DA ENTIDADE.

Posteriormente ao redactar a proposta provisional, e por estar a solicitude asociada a un procedemento erróneo pola súa presentación, obviouse incluír a mesma na proposta provisional.

A entidade, coas alegacións presentadas, achega unha documentación adicional relativa a valoración da liña 1. Dado que a entidade presentou a solicitude nun procedemento erróneo, e os datos que presentan nas alegacións para que se lle valoren non son imprescindibles para a valoración da solicitude, a mesa propón que soamente se lle valoren os criterios que foron presentados coa solicitude inicial, de modo que a valoración queda da seguinte maneira;

En consecuencia, propónse a mesa de valoración que admita a alegación formulada en cuanto a súa inclusión na proposta de concesión de subvención. Por outro lado, recollese na seguinte táboa a valoración dos criterios que afectan a esta entidade, tendo unicamente en conta os incluídos na solicitude inicial, no procedendo a valoración dos criterios presentado fora de prazo.

	ENTIDADE			ACTIVIDADES TRES ULTIMOS ANOS							ESPECIFICOS LINEA 1					
				CAMPAÑAS DIFUSION E SENSIBILIZACION	Nº EXPTE (APO) 2025/XX	ACT. CULTURAIS	ACT. FORMACION	SUMA(MAX 10)			RECENTE CREACION (máx 5)	PUNTOS ACHEGA (máx 15)	REPRESENTACION MAYORITARIA O EQUILIBRADA DE MUJERES (max 15)	NÚMERO SOCIOS (MAX 10)	TOTAL PARTE COMUN (MAX 45)	
ASOC SINDROME DE DOWN DE LA CORUÑA	G15731466	158	0	0	0	0	0	0	14	15	29	0	0	0	0	29

LIÑA 2:

- ACCIÓN SOLIDARIA DE GALICIA ONG (G27727593):** na proposta provisional propónse a súa exclusión por non ter a entidade, segundo os seus estatutos, entre os seus obxectivos e finalidades a promoción efectiva da igualdade e a inclusión social das diversidades existentes e a prevención das violencias machistas. A entidade presenta en data 6 de novembro de 2025 alegacións indicando entre outras o seguinte:

"Consideramos que a nosa entidade cumpre todas as condicións esixidas nas bases publicadas da convocatoria de subvencións para entidades sen ánimo de lucro destinadas a actividades



Concello da Coruña

ou proxectos de interese social en materia de igualdade e diversidade. Centrándonos nos requisitos do artigo primeiro e nos puntos b) , f), i) j) k) l) : b) "Que sexan organizacións sen ánimo de lucro e que, segundo os seus estatutos, os seus obxectivos e fins coincidan coa finalidade da subvención solicitada": o proxecto presentado por Asdegal: "Mentoras de Futuro" é unha iniciativa de promoción da igualdade de xénero que busca crear unha rede de mulleres interxeracional na que mulleres maiores, con traxectorias de vida significativas, actúen como mentoras de mulleres novas en risco de exclusión social."

Nos estatutos presentados pola entidade, indicase no seu artigo 3 que a asociación ten como fin ser canle de solidariedade para contribuír a crear una sociedade máis xusta e humana, mediante a promoción do desenvolvemento de programas de acción social, voluntariado e cooperación dirixidos a persoas de calquera idade e sexo que se atopen en situación de necesidade , calquera que sexan as súas causas. Ç

A base 8.2 da convocatoria indica o seguinte:

8.2 Son requisitos exixibles ás entidades beneficiarias, que deberán estar cumpridos con anterioridade á data da proposta de concesión da subvención e que deben manterse ao longo de todo o prazo de execución da actividade subvencionada, ademais dos previstos con carácter xeral no artigo 13 da Lei xeral de Subvencións, os seguintes:

.....
b) Que carezan de fins de lucro e que, de acordo cos seus estatutos, teñan obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención.

O obxecto da presente convocatoria é a promoción da igualdade de xénero e inclusión social atendendo ás diversidades existentes e a prevención das violencia machistas. Este fin non aparece reflectido no artigo 3 do seus estatutos. Polo tanto, a entidade queda excluída da convocatoria por non cumprir un dos requisitos establecidos na base 8.2 da convocatoria.

Por todo o descrito anteriormente a mesa de valoración propón desestimar as alegacións presentadas.

A base 8.2 e da convocatoria indica como requisitos das persoas beneficiarias os seguintes:

"8.2 Son requisitos exixibles ás entidades beneficiarias, que deberán estar cumpridos con anterioridade á data da proposta de concesión da subvención e que deben manterse ao longo de todo o prazo de execución da actividade subvencionada, ademais dos previstos con carácter xeral no artigo 13 da Lei xeral de Subvencións, os seguintes:

a) Que teñan sede social ou delegación no termo municipal da Coruña. Terase en conta para determinar a sede social da entidade o domicilio que figure nos seus estatutos. De modificarse o domicilio social, deberá acreditarse a súa modificación no rexistro correspondente.

No caso de existir delegación da entidade, esta deberá acreditarse mediante contrato ou documento de valor xurídico similar a nome da entidade no que conste que a súa utilización será para actividades da propia entidade.

b) Que carezan de fins de lucro e que, de acordo cos seus estatutos, teñan obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención.

c) Que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello da Coruña (REMAC), no caso que a forma xurídica da entidade sexa susceptible de ser inscrita.

d) Que xustificaran as subvencións anteriormente outorgadas polo Concello da Coruña, excepto que aínda non transcorrera o prazo de xustificación correspondente.



Concello da Coruña

No caso de que, no momento de concesión das subvencións, haxa entidades beneficiarias con subvencións pendentes de xustificación, poderá continuar o procedemento condicionándose o pago a que estas xustificacións se produzan.

- e) *Que se encontren ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), e fronte á Seguridade Social e co Concello da Coruña.*

De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello da Coruña solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), a Tesourería Xeral da Seguridade Social e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento deste apartado.

Con todo, a solicitante poderá expresamente opoñerse á consulta u obtención da documentación sinalada debendo, neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións acreditativas correspondentes.

- f) *Que no exercicio da súa actividade non fora sancionada nin condenada por resolución administrativa ou por resolución xudicial firme por incorrer en discriminación nos termos establecidos na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma sobre igualdade; e que non teña como voluntarias a persoas que teñan antecedentes penitenciarios non cancelados por delitos de violencia doméstica ou de xénero, por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos fillos, ou por delitos de tráfico ilegal ou inmigración clandestina de persoas, ou por delitos de terrorismo en programas cuxos destinatarios foran ou poidan ser vítimas destes delitos, de conformidade co disposto no artigo 8.5 da Lei 45/2015, de 14 de outubro, do voluntariado.*
- g) *Se a actividade ou proxecto para o que se solicita a subvención ten como suxeitos a menores de idade, deberá presentarse unha declaración xurada de que todo o persoal (incluído o persoal voluntario e contratado para tal efecto) encargado de realizar a actividade e que teña contacto habitual con menores compre co requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de voluntariado.*
- h) *Que non se encontren en ningún dos supostos de prohibición para obter a condición de persoa/entidade beneficiaria establecidos no artigo 13.2 da Lei xeral de subvencións.*
- i) *Que non foran sancionadas en firme en vía administrativa, laboral ou penal por vulneración do dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo.*
- j) *Que acrediten que os seus fins u obxectivos, sistema de admisión ou acceso, funcionamento, traxectoria, actuación, organización ou estatutos non son contrarios ao principio de igualdade entre mulleres e homes na diversidade.*
- k) *Que acrediten que cumpren as obrigas establecidas na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.*
- l) *Os demais recollidos na Lei xeral de subvencións, na Ordenanza Municipal da Coruña para a igualdade na diversidade, e na Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e polos seus organismos públicos.*



Concello da Coruña

Estes requisitos deberán manterse ao longo do ano da convocatoria. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei xeral de Subvencións"

En relación coa base 8.2 apartado e), a base 17 apartado e) indica, como obriga das persoas beneficiarias, o seguinte:

"e) Acreditar con anterioridade a dítarse a proposta de resolución de concesión que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo oitava da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común."

Revisados estes requisitos polo órgano instructor, o documento da AEAT relativo á entidade ASOCIACIÓN POLA IGUALDADE E A COEDUCACIÓN (APICO) (G94088549) de data 19 de novembro é de denegación de certificado. A data da sinatura de este informe proposta definitivo de concesión, a AEAT informa que "a expedición del certificado solicitado requiere un estudio más detallado de la situación que impide su emisión inmediata", polo tanto a entidade non cumpre os requisitos das bases indicadas anteriormente e se propón a súa exclusión da convocatoria

Todas as demais entidades cumpren os requisitos indicados polas bases mencionadas.

Á vista da actas da mesa de avaliación de datas 30 e 31 de outubro e de 25 de novembro que figuran no expediente de referencia como motivación desta proposta (237/2025/3) e de conformidade co establecido nas Bases 14.3 e 14.4., fórmulase a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA

Primeiro: *Estimar as alegacións presentadas pola ASOCIACIÓN POTEN100MOS (G70480900), en relación coa liña 1 da convocatoria de referencia, procedéndose á corrección do erro material exposto pola alegante.*

Segundo: *Estimar parcialmente as alegacións presentadas pola ASOCIACIÓN SINDROME DE DOWN DE LA CORUÑA (G15731466), no relativo a súa inclusión na convocatoria de subvencións de concorrencia competitiva para entidades sociais sen ánimo de lucro destinadas a actividades ou proxectos de interese social en materia de igualdade e diversidade no termo municipal de A Coruña, desestimándose o resto das alegacións nos termos contidos neste informe.*

Terceiro: *Non admitir as alegacións presentadas polas seguintes entidades en base as consideracións contidas neste informe:*

ASOCIACION PROXECTO MASCARAS (G70401518) LIÑA 1
ACCIÓN SOLIDARIA DE GALICIA ONG (G27727593) LIÑA 2

Cuarto: *En canto as solicitudes de reformulación, fórmulase a seguinte proposta:*

- Non aceptar as solicitudes de reformulación das seguintes entidades*

ENTIDADE	CIF	ACTIVIDADE	DÉFICIT INICIAL (€)	DÉFICIT FINAL (€)
FUNDACION AMIGO	G81454969	Acompañando	8.000,00	5.243,72



Concello da Coruña

TERCIARIOS CAPUCHIÑOS PROV LUIS AMIGO - CIUDAD DE LOS MUCHAC	R1500230F	Promoviendo la igualdad en el proyecto Andaina	8.000,00	4.705,90
--	-----------	---	----------	----------

Por presentan un orzamento no que o total de gastos e igual o que figura no orzamentos iniciais, polo tanto a mesa de valoración propón que as solicitudes de reformulación non sexan aceptadas, en tanto non conteñen cambios respecto o orzamento total de gastos.

- Aceptar as demais solicitudes de reformulación. Os novos orzamentos e os importes solicitados serán os que serán tidos en conta aos efectos da xustificación.

ENTIDADE	CIF	ACTIVIDADE	DÉFICIT INICIAL (€)	DÉFICIT FINAL (€)
LIÑA 2.1				
ASOCIACION DE BULIMIA Y ANOREXIA DE A CORUÑA	G15582695	Estratexias de autodefensa para o coidado persoal. Poñendo límites, transformando espazos	5.819,20	3.540,63
ASOC DE VECINOS OZA DE LA GAITEIRA LOS CASTROS	G15037708	Mulleres na rúa	6.364,80	4.123,27
ASOC ECOS DO SUR	G15354483	A Portela LAB	8.000,00	6.140,08
YARAMA AFRICA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	F70576467	Fatou	7.492,96	4.481,81
YARAMA AFRICA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	F70576467	Tecendo Igualdade	7.988,45	4.817,95

ENTIDADE	CIF	ACTIVIDADE	DÉFICIT INICIAL (€)	DÉFICIT FINAL (€)
LIÑA 2.2				
ASOC ECOS DO SUR	G15354483	Voces con orgullo	8.000,30 €	5.422,99
ASOCIACION POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DE A CORUÑA	G70249461	DinamizALAS	8.000,00 €	4.123,27
ASOCIACIÓN AKAFEM	G19755552	Ciclo de faladoiros: Entre afectos e resistencia: feminismos, diversidade e alianzas transgresoras	7.029,00 €	5.288,54
ASOC COMITE CIUDADANO ANTI-SIDA DE CORUÑA	G15279219	SexPoint	8.000,00 €	4.033,63

Quinto: Excluir a entidade ASOCIACIÓN POLA IGUALDADE E A COEDUCACIÓN (APICO) (G94088549) por no cumprir o requisito establecido nas bases 8.2 e) e 17 e).



Concello da Coruña

Sexto: Conceder subvencións correspondentes á convocatoria do exercicio 2025 a entidades sociais sen ánimo de lucro destinadas a actividades ou proxectos de interese social en materia de igualdade e diversidade por un importe total de **147.569,03 euros (CENTO CORENTA E SETE MIL CINCOCENTOS SESENTA E NOVE euros e TRES céntimos)** ás entidades solicitantes, e polos importes que a continuación se relacionan, con cargo á aplicación 51.231.48900 do orzamento municipal en vigor, de conformidade co informe de avaliación de solicitudes emitido pola comisión de valoración constituída a tal fin.

LIÑA 1

Entidade	CIF	Importe concedido (€)
ASOCIACION DE BUSQUEDA Y SALVAMENTO DE GALICIA	G70420021	1.336,22
FUNDACION TUTELAR ASPRONAGA	G15578792	970,20
ASOCIACION GALLEGA FIBROSIS QUISTICA	G15088396	1.940,40
ARTEFIOS ASOC INCLUSION PERSONAS DISCAP INTELLECTUAL	G15226202	829,07
FADEMGAL PLENA INCLUSION GALICIA	G36620037	2.121,20
ASOC DE AMAS DE CASA CONSUMIDORES Y USUARIOS	G15049034	3.880,80
LIGA REUMATOLÓXICA GALEGA	G15552987	3.417,75
ASOCIACION GALEGA DE LUPUS	G15614084	4.079,25
FEDERACION GALEGA DE ENFERMEDADES RARAS E CRONICAS (FEGEREC)	G70218128	2.866,50
ASOCIACION POTEN100MOS	G70480900	3.669,11
ASOCIACION CULTURAL TRES POR CUATRO	G70239595	890,81
GRUMICO GRUPO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA CORUÑA	G15038797	2.469,60
ASOC CORUÑESA DE ESCLEROSIS MULTIPLE	G15510266	3.439,80
FUNDACION INGADA	G70394374	2.822,40
ASOCIACION PARA EL EMPODERAMIENTO DE PERSONAS VULNERABLES Y/O EN RIESGO DE EXCLUSION SOCIAL (APERES)	G70573514	1.905,11
ASOCIACIÓN MULLERES PROFESIONAIS, EMPREENDEDORAS E EMPRESARIA	G19743442	2.025,00



Concello da Coruña

<i>Entidade</i>	<i>CIF</i>	<i>Importe concedido (€)</i>
ASOCIACION POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DE A CORUÑA	G70249461	3.651,47
FUNDACIÓN ECCA SOCIAL	G72405277	2.646,00
YARAMA AFRICA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	F70576467	2.791,52
ASOCIACION PROXECTO MASCARAS	G70401518	2.751,83
SOLIDARIDADE INTERNACIONAL DE GALICIA	G36833648	4.079,25
ASOC COMITE CIUDADANO ANTI-SIDA DE CORUÑA	G15279219	1.490,57
ASOC SINDROME DE DOWN DE LA CORUÑA	G15731466	2.557,80

LIÑA 2

<i>Entidade</i>	<i>CIF</i>	<i>Importe concedido (€)</i>
LIÑA 2.1		
FUNDACION ERGUETE INTEGRACION	G36861078	2.862,77
ASOCIACION DE BULIMIA Y ANOREXIA DE A CORUÑA	G15582695	3.540,63
ASOCIACION GALLEGA DE HEMOFILIA	G15220577	1.087,00
FUNDACION AMIGO	G81454969	5.243,72
ASOC DE VECINOS OZA DE LA GAITEIRA LOS CASTROS	G15037708	4.123,27
ASOC ONG VIRAVENTOS (CONTA +. Proxecto de educomunicación para a mocidade cunha perspectiva de xénero)	G70136429	5.000,00
ASOC ONG VIRAVENTOS (Falamos? Programa de empoderamento de mozas migrantes como axentes de cambio social)	G70136429	6.753,87
TERCIARIOS CAPUCHIÑOS PROV LUIS AMIGO - CIUDAD DE LOS MUCHAC	R1500230F	4.705,90
ASOCIACIÓN DE MULLERES LIBRES E COMBATIVAS DE GALIZA	G56460827	2.975,00
FUNDACIÓN ECCA SOCIAL	G72405277	1.414,65



Concello da Coruña

ASOCIACION AGALURE	G15462633	2.543,60
ASOCIACIÓN MULLERES PROFESIONAIS, EMPREENDEDORAS E EMPRESARIA	G19743442	5.067,00
ASOC ECOS DO SUR (A Portela LAB)	G15354483	6.140,08
Entidade	CIF	Importe concedido (€)
YARAMA AFRICA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA (Fatou)	F70576467	4.481,81
YARAMA AFRICA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA (Tecendo Igualdade)	G72405277	4.817,95
Entidade	CIF	Importe concedido (€)
LIÑA 2.2		
ASOC ECOS DO SUR (Voces con orgullo)	G15354483	5.422,99
ASOCIACION POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DE A CORUÑA	G70249461	4.123,27
ASOCIACION POTEN100MOS	G70480900	6.186,69
ASOCIACION GALEGA DE ASPERGER	G70043435	3.125,00
ASOCIACIÓN AKAFEM	G19755552	5.288,54
ASOC COMITE CIUDADANO ANTI-SIDA DE CORUÑA	G15279219	4.033,63

Sétimo: Publicar o informe proposta de resolución definitiva na páxina web do Servizo de Igualdade e Diversidade a fin de que as beneficiarias, de acordo coa Base 14.4, comuniquen a súa aceptación ou renuncia á subvención concedida no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte a súa publicación. Transcorrido ese prazo sen producirse a aceptación expresa a subvención entenderase aceptada. Segundo a Base 20.2 o pago anticipado tramitarase de oficio polo órgano instructor.

